

Que é GREENCASTANEA e que obxectivos ten?

GREENCASTANEA é un proxecto piloto que ten como principal obxectivo a implantación dun novidoso sistema, eficiente e sostible, para a produción *in vitro* de castiñeiros de variedades tradicionais galegas micorrizados con *Boletus edulis*.

Máis concretamente, pretende:

- 1 Producir, nun biorreactor, inóculo micelial de *Boletus edulis* a partir de medios líquidos optimizados con intelixencia artificial.
- 2 Implantar un innovador sistema de produción de planta micorrizada en castiñeiro.
- 3 Desenvolver un prototipo de termohidroterapia para a obtención de castiñeiros libres da avespilla do castiñeiro e outros patóxenos.
- 4 Detectar, seleccionar e caracterizar molecularmente os clons das variedades IXP (Indicación Xeográfica Protexida) Longal, Negral e Xudía.

Así, **GREENCASTANEA** busca mellorar a rendibilidade do castiñeiro tradicional galego apostando pola micofruticultura e a diversificación do sector forestal. Este enfoque permitirá xestionar unha produción eficiente, flexible e de calidade de castañas e setas, dous produtos de gran valor económico. En definitiva, coidar do autóctono e manter vivo o entorno rural.



Greencastanea

Queres saber máis acerca de GREENCASTANEA?

Para coñecer máis sobre o proxecto,
podes enviar un correo electrónico a micorrizas@hifasforestal.com
ou chamar ao 661 67 11 82.



Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020
Europa inviste no rural



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020
Europa inviste no rural



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



Greencastanea

Produción de castiñeiro micorrizado mediante cultivo *in vitro* e selección intravarietal de variedades IXP

Presuposto total: 187.774,91 € Subvención: 150.000,00 € Cofinanciación UE: 75% Feader

GREENCASTANEA está financiado pola convocatoria de axudas para o apoio dos proxectos piloto, desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías no ámbito agroforestal, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020. A Consellería do Medio Rural é o órgano da Administración galega ao que lle corresponde propoñer e executar as directrices xerais no ámbito rural e engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias agroalimentarias e forestais, montes e prevención e defensa dos incendios forestais.

Cales son os resultados esperados do proxecto?

As actividades a levar a cabo no proxecto de innovación están enfocadas na consecución dos seguintes resultados:

- Implementar un proceso de cultivo que permita axustar de maneira flexible a produción á demanda.
- Obter os primeiros enxertos de variedades tradicionais de castiñeiro a partir de cultivos *in vitro*.
- Obter altas taxas de micorrización con *Boletus edulis* nos castiñeiros.
- Desenvolver un innovador sistema para o tratamento de castiñeiros fronte a avespilla do castilleiro.
- Posta no mercado de plantas identificadas molecularmente de alta calidade de variedades Longal, Negral e Judía.
- Instauración dunha plantación piloto demostrativa de planta libre de avespilla, micorrizada e de selección clonal.



Accións GREENCASTANEA


ACCIÓN 1

Técnicas de cultivo *in vitro*



ACCIÓN 2

Técnicas biotecnolóxicas de micorrización




ACCIÓN 3

Técnicas biotecnolóxicas de termohidroterapia




ACCIÓN 4

Técnicas biotecnolóxicas de selección clonal e identificación molecular



ACCIÓN 5

Establecemento dunha plantación piloto demostrativa



DIVULGACIÓN

Transferencia dos resultados aos sectores



Greencastanea

Quen son os destinatarios?



Explotacións forestais e empresas madeireiras



Empresas produtoras e comercializadoras de fungos



Axentes da cadea de valor do sistema agroalimentario



Administracións Públicas relacionadas coa alimentación, o medio ambiente e/ou o desenvolvemento rural



Centros de investigación



Público en xeral

Quen conforman GREENCASTANEA?

O proxecto de innovación GREENCASTANEA está integrado por un equipo multidisciplinar coordinado por Hifas Foresta, que conta coa participación da Universidade de Vigo (a través do Grupo Agrobiotech For Health), a Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Castaña de Galicia, Soutos Sativa e a Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA).



Universidade de Vigo



Soutos Sativa S.L.

FEUGA
FUNDACIÓN EMPRESA-UNIVERSIDADE GALEGA